CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/3

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, xoves 7 de abril de 2022 -

No día da data, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMÓN ABUÍN GÓMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO (incorpórase no punto 4 da orde do día)
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:
PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA (xustificada)

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

A) DACIÓN EN CONTA:

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DIAS 9-12-2021 E DO 10-02-2022.
4. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 79/2022 DO 08/03/2022 DA APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (DECRETO 183/2013, DO 5 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ) E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
5. APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE CIM.
6. OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A DON JOSÉ DOMINGO CASTAÑO SOLAR

C/ MOCIÓNS:

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE DODRO SOBRE O PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA
8. MOCIÓNS DE URXENCIA.

D) CONTROL DO GOBERNO

9. ROGOS E PREGUNTAS.

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Boas tardes a todos, estamos na sesión ordinaria do mes de abril que correspondía ao dia 14 e adiantouse ao día 7 pola coincidencia coa data festiva. Debemos desculpar a ausencia da Sra. Boga, quen comunicou que hoxe non podería vir. Comezamos, pois cos puntos da orde do día.

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

Procédese co primeiro punto da Orde do día, que a continuación se transcribe de xeito literal:

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

“Exp.: 2022/G006/000073
Asunto: Resolucións da Alcaldía

Dáse conta das resolucións que van desde o número 35/2022 ao 116/2022, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, polo alcalde Francisco Xabier Castro Tourís.”

Os concelleiros e concelleiras quedan informados das resolucións da Alcaldía indicadas.

2. DACIÓN EN CONTA AO PLENO DE ASUNTOS VARIOS.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: “No último pleno ordinario non se gravou ben a imaxe e sonido todo do pleno, entón intento facer unha especie de resumo para que a xente que non puido ver o pleno nin lee as actas se dea conta.

Fixemos unha declaración institucional polo pasamento de Don Luis Romero Rodríguez presidente da Unión de Residentes de Dodro en Argentina.

Fixemos a aprobación, por unanimidade, da solicitude do POS+ADICIONAL 1/2022 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022, por importe de 32.918,86.

Fixemos a aprobación, por unanimidade, tamén, da solicitude do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022, cuns importes de financiamento de gastos correntes, por importe de 94.053,36 euros, Pavimentación no Piñón e outros 46.533,58 euros, Plan Complementario do 2022, dúas obras: Mellora de Rueiros do núcleo de Manselle por 61.081,77 euros e Mellora de rueiros en Teaio e outros 58.599,94 euros

Tamén aprobamos, por unanimidade, o Convenio de colaboración entre os concellos de Rois e Dodro para a solicitude de subvención e xestión compartida do proxecto “Mellora do camiño de acceso á Chisca” ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2021 de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

E non se aprobou, por maioría dos concelleiros/as a moción presentada polo Partido Popular propoñendo -entre outras- proceder á venta restrinxida á Asociación de Propietarios do Cemiterio de San Xián de Laíño e á de San Xoán de Laíño dos nichos construídos sobre as parcelas que ocupan os referidos cemiterios.”

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

B) DELIBERACIÓN E ACORDO

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DIAS 9-12-2021 E DO 10-02-2022.

1. Acta do 09/12/2021

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria do 09/12/2021 e en votación ordinaria obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da súa aprobación.

2. Acta do 10/02/2022

Sométese a aprobación a acta da sesión plenaria de 10/02/2022 e en votación ordinaria obtense o resultado de unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras presentes a favor da súa aprobación.

4. RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 79/2022 DO 08/03/2022 DA APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (DECRETO 183/2013, DO 5 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ) E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe literalmente:

"**EXPEDIENTE**: 2022/A006/000005 (relacionado co expediente 2022/A008/0000024)

ASUNTO: RATIFICAR A RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 79/2022 DO 08/03/2022 DA APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (DECRETO 183/2013, DO 5 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ) E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL PARA A XESTIÓN COMPARTIDA ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, PONTECESURES E VALGA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, COFINANCIADAS POLO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020 PARA O ANO 2022

TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDIA AO PLENO

Logo de ver a Resolución da Alcaldía Núm. 79/2022 de data 08/03/2022 pola que se aproba o convenio de colaboración a subscribir entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga para a xestión compartida da prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020 ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Política Social.

Considerando o punto sexto da mencionada resolución *"Sexto.- Remitir ao Pleno*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación"

Propoño ao pleno a ratificación do presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía Núm. 79/2022 de data 08/03/2022, que a se transcribe como anexo.

SEGUNDO.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

***"EXPEDIENTE**: 2022/A006/000005 (relacionado co expediente 2022/A008/0000024)*
***ASUNTO:** APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (DECRETO 183/2013, DO 5 DE DECEMBRO, POLO QUE SE CREA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ) E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL PARA A XESTIÓN COMPARTIDA ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, PONTECESURES E VALGA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, COFINANCIADAS POLO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2020 PARA O ANO 2022*
***TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

O mércores, 9 de febreiro de 2022, no DOG número 27 publicase a Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (Código de procedemento BS700A).

Logo de ver o artigo 6 da Orde do 31 de decembro de 2021 que determina que poderán ser beneficiarias destas subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma Galega para a xestión individual ou compartida (Agrupacións de concellos) do proxecto de servizo no marco da Rede galega de atención temperá.

Logo de ver o borrador do Convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga para a xestión compartida do servizo de atención temperá, co fin de participar na convocatoria de subvención da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención Temperá, cofinanciadas parcialmente polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (Código de

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

procedemento BS700A), que se transcribe literalmente:

*"**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)***

En Padrón, a .... de marzo de 2022

REUNIDOS:

Os alcaldes dos seguintes concellos:

*Don Antonio Fernández Angueira, con DNI ***974***, alcalde do concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do concello de Rois (CIF P1507500E) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don Juan Manuel Vidal Seage, con DNI ***819***, alcalde do concello de Pontecesures (CIF P3604400F) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don José Mª Bello Maneiro, con DNI ***122***, alcalde do concello de Valga (CIF P3605600J) que actúa en nome de esta entidade*

Todos en nome e representación do seu concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio e, para o efecto,

EXPOÑEN:

***Primeiro**.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma; entre outras, en materia de prestación de servizos sociais.

***Segundo**.- De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.*

***Terceiro**.- No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.*

***Cuarto**.- No Decreto 183/2018, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.*

***Quinto**.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.*

***Sexto**.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s.*

***Sétimo.**- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Oitavo.- *Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúrase como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes* ***ACORDAN*** *a* ***XESTIÓN COMPARTIDA*** *do* ***SERVIZO NO MARCO DA REDE GALEGA*** *(****Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá****), mediante o presente convenio segundo as seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados na primeira páxina deste documento.

Terceira.- Obxectivos de colaboración

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- *Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público*
- *Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público*
- *Minorar os custos antieconómicos da prestación illada*
- *Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.*
- *Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa*
- *Valorizar os recursos dispoñibles.*

Cuarta.- Xestión compartida do servizo

A xestión do servizo de atención temperá será realizada polo concello sinalado no anexo e incluirá todo o relacionado con aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).
Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condicións concretas das condicións de prestación:

- *O obxecto do servizo estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.*

- *Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:*

  1º. Contará cun mínimo de tres integrantes.
  2º. Será interdisciplinar e estará integrado por profesionais diferentes de entre os seguintes graos: pedagoxía, psicopedagoxía, psicoloxía, logopedia, educación social, traballo social, maxisterio, enfermería, terapia ocupacional, fisioterapia e medicina. O persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións.

- *De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:*

  1º. Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento.
  2º. Desenvolvemento psicomotor.
  3º. Desenvolvemento cognitivo.
  4º. Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.
  5º. Desenvolvemento da autonomía.
  6º. Desenvolvemento da área social e afectiva.
  7º. Apoio, información, habilitación e formación da familia.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- Comisión Mixta-Coordinación

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.

Reunirase en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

- *O seguimento da xestión do servizo*
- *Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo á aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo*
- *A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.*
- *A elaboración das súas normas internas de xestión*
- *A interpretación do convenio*
- *A proposta, se é o caso, de addendas*
- *Intervención previa á resolución por incumprimento*
- *Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes*
- *Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.*

Sexta.- Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

Sétima.- Subvencións e axudas

Para a xestión do servizo ***ACÓRDASE a solicitude de subvencións convocadas***

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

pola Administración autonómica.

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, a porcentaxe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos conveniantes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiarios, corresponden aos concellos asinantes.

Oitava.- Financiamento

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o sinalado no anexo.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Novena.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
c) Polo vencemento do prazo de vixencia
No caso de resolución, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

Décima.- Vixencia do convenio

Entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e extenderá a súa vixencia

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

durante a totalidade do período de execución ata 31 de outubro de 2022 e prorrogandose automáticamente cada ano e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo primeira.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito.

Décimo segunda.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo terceira.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdicional contencioso-administrativa
En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio

O Alcalde de Dodro.- Francisco Xabier Castro Tourís
O Alcalde de Padrón.- Antonio Fernández Angueira
O Alcalde de Rois.- Ramón Tojo Lens
O Alcalde de Pontecesures.- Juan Manuel Vidal Seage
O Alcalde de Valga.- José María Bello Maneiro

Alcalde do concello de Padrón *D. Antonio Fernández Angueira*	*Alcalde do concello de Dodro* *D. Francisco Xabier Castro Tourís*
Alcalde do concello de Rois *D. Ramón Tojo Lens*	*Alcalde do concello de Pontecesures* *Juan Manuel Vidal Seage*
Alcalde do concello de Valga *José M.ª Bello Maneiro*	

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)

ACORDO sobre solicitude de subvención *ao abeiro da* ***Orde do 31/12/2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da C. A. de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo P. O. FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022*** *(código de procedemento BS700A), publicada no DOG núm. 27 do 09/02/2022, nos termos que figuran nos puntos seguintes, así como aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciar aquela:*

Concello designado para a xestión e xustificación da subvención segundo o previsto na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida *(a nome do que se ingresarán os fondos)*	*Padrón*
Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social*.*	*D. Antonio Fernández Angueira (***974***)*

Compromisos e porcentaxe de subvención que corresponderá a cada un dos integrantes:

Concello	***Compromisos de execución (materiais e financeiros)***	***Porcentaxe de subvención que lles corresponderá***
	- Xestión do servizo nos termos sinalados na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida	
PADRÓN	*100%*	*100%*
ROIS	*0%*	*0%*
DODRO	*0%*	*0%*
PONTECESURES	*0%*	*0%*
VALGA	*0%*	*0%*
TOTAL	*100 % (compromisos financeiros)*	*100 %*

Condicións:

1. A prestación do servizo executarase no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, do 5 de decembro) nas condicións reflectidas no artigo 8 da orde

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

2. Tipo de xestión: Compartida

Indirecta (persoal externo: contratación administrativa/entidade de servizos sociais)

3. Prazo de execución do servizo:

Período de execución respecto do que se solicita subvención (prestación desenvolvida segundo o disposto no artigo 8 da orde)	
Dende	*Ata*
01/04/2022	*31/03/2023*

4. Número de integrantes do equipo de atención temperá durante o referido período de execución:

3

5. Número de horas totais de traballo do equipo (calculadas segundo as regras establecidas no artigo 10.3 da orde) durante o referido período de execución, segundo grupos profesionais:

Grupo I	*1.252,5 horas*
Grupo II	*2.505 horas*

6. O horario de funcionamento do servizo será semanal.

7. A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, de tres días á semana, en horario de tarde, cun mínimo de duas horas cada tarde.

“

Logo de ver o informe de secretaría-intervención do 04/03/2022 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía do 04/03/2022 e considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de atención temperá no Concello de Dodro, e que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Sen prexuízo de someter a ratificación plenaria esta actuación en atención ao previsto no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril , reguladora das bases do réxime local, pero tendo en conta que o prazo para a solicitude de subvención finaliza o 9 de marzo de 2022 e en atención as competencias atribuídas ao Alcalde nos apartados d) e s) do artigo 21.1 da mesma Lei

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

***RESOLVO**:*

***Primeiro**.- Aprobar a constitución da agrupación dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga para a xestión compartida da prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020 ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Política Social pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención Temperá, cofinanciadas parcialmente polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (Código de procedemento BS700A).*

***Segundo**.- Aprobar o convenio de colaboración a subscribir entre os concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga para a xestión compartida da prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020 ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Política Social.*

***Terceiro**.- Solicitar unha subvención, polo importe de 86.359,78 €, ao abeiro da Orde do 31/12/2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención Temperá, cofinanciadas polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (Código de procedemento BS700A), para a prestación do servizo de atención temperá no marco da Rede galega (Decreto 183/2013, do 5 de decembro) optando pola xestión compartida*

***Cuarto**.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable para a xestión compartida da prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga.*

***Quinto**.- Nomear a don Antonio Fernández Angueira, alcalde e representante do Concello de Padrón, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.*

***Sexto**.- Remitir ao Pleno aos efectos de ratificación a presente resolución, en atención ao establecido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, quedando a presente resolución condicionada a tal ratificación.*

***Sétimo**.- Dar Conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL"*

O alcalde, Francisco Xabier Castro: É un convenio co Concello de Padrón e co Concello de Rois xa se trouxo varias veces a aprobación por este Pleno, pero o

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Concello de Padrón non é capaz de sacalo polo que sexa; non se arranca o convenio. Traémolo aquí outra vez mais pois pensamos que debe estar o Concello nesta aprobación do convenio. Están (no convenio) tamén os Concellos de Pontecesures e Valga.
Vou dar unha quenda para que cada portavoz diga a súa opinión sobre este tema.

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: Si, se nos pode aclarar, en caso de que isto, como di vostede, arranque, de que concelleira vai a depender? Dicía vostede que o iba a defender a sra. Ana Muñiz.

O alcalde: En principio estamos aínda vendo se corresponde á Concellería de Muller e Igualdade, ou se corresponde á Concellería de Política Social, en todo caso ata que salga a diante e arranque non somos quen de aseguralo.

Valentín Alfonsín: Digo isto porque como pon aquí no convenio que está presentado polo departamento Servizos Sociais, supoñemos que isto dependería da Concellería de Servizos Sociais, pero bueno, perece ser que cada vez conta menos o Concelleiro de Servizos Sociais.
En relación con este convenio imos votar a favor porque actualmente a esperanza dos veciños de Dodro de que teñan os servizos sociais parece que depende máis dos demais concellos que do noso propio, visto que como están a funcionar nos últimos meses, nesta lexislatura, os servizos sociais, en base a iso, si imos a votar confiando que o Concello de Padrón saque adiante este proxecto e os veciños de Dodro cando menos se poidan beneficiar aínda que sexa gracias ao concello e do goberno do partido popular do Concello de Padrón.

- **Incorpórase á sesión neste momento a sra. Soñora Bustelo -**

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: Trátase do cumprimento do estipulado para subscribir un convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro, Padrón, Rois, Pontecesures e Valga. Case todos son do PP, pero hai algún coma Dodro que non é do PP. É un convenio de colaboración entre cinco concellos, independentemente da cor política da que sexan.
Así como unha das condicións era remitir ao pleno para os efectos de ratificación a dita resolución, trátase de xestionar a solicitude de subvención para a atención temperá, para que sexa o Concello de Padrón o que o faga, e solicitar unha subvención de 86.359,78 euros.
Trátase de prestar de forma eficaz e eficiente un servizo público e garantir o acceso dos servizos aos veciños, o servizo vai dirixido exclusivamente á intervención de poboación infantil de 0 a 6 anos, familia e a súa contorna.
E finalmente dicir que o grupo socialista desde lago vai a ratificar esta resolución.

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: Por parte de Unidade Veciñal pouco máis que dicir co que dixo o portavoz de grupo socialista e máis o alcalde.
Vamos a votar a favor, independentemente de quen sexa designado para a xestión, neste caso Padrón, non poñemos ningunha pega a esta xestión compartida".

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: Nós tamén vamos a votar a favor. Eu creo que estes convenios son útiles. Podería haber outro tipo de políticas se a Xunta fora doutra maneira, e ao mellor teriamos outro tipo de convenios ou outro tipos de políticas, sen chegar incluso aos convenios que temos nesta mesa, neste "mandato", sinálolle ao portavoz do PP que aquí non lexislamos, isto non é unha lexislatura é un mandato.
Para rematar sempre lle agradezo que me teña en conta nas súas oracións, pois uns veciños pensan que funciona ben o PP... non sei de que maneira o ve o PP.
Nós evidentemente vamos a votar a favor e esperamos que o PP vote a favor das propostas que aquí se traian a esta mesa, sexan de servizos sociais ou non.

O alcalde: Eu quería dicir unha cousiña máis. Gracias a todos os portavoces, quero recordarlle ao portavoz de grupo popular que non interprete as miñas palabras.
Eu non dixen que non contabamos co Concelleiro de Servizos Sociais, dixen que non sabiamos aínda onde ubicalo, en función si nola daban ou non nola daban, primeiro punto.
Segundo punto. Isto, se sae, non é soamente gracias ao goberno do Partido Popular de Padrón, porque postos a iso eu podería dicir que as veces anteriores non saiu gracias ao PP de Padrón, e non son tan valente, nin tan ousado, nin tan maleducado. Isto cando sae, é mérito de todos, e cando non sae, tamén, é demérito de todos Sr. Alfonsín. As miñas relacións coa concelleira responsable Ana Belén Lozas son excelentes; traballamos neste convenio todo o que puidemos. Dende o primeiro día recibiu o meu apoio e cando non foi capaz este concelleira, ou o Concello de Padrón, gobernado por quen fose gobernado, de sacalo, este alcalde mantivo toda a lealdade institucional, e non lle caeron prendas en defender a súa xestión. Por favor intente vostede facer o mesmo comigo ou con este concello.

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
4 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

5. APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE CIM.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe:

"EXPEDIENTE: 2022/A006/000007 (relacionado co expediente 2022/A008/0000027)
ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE CIM.
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 16 de marzo do 2022 publícase no Diario Oficial de Galicia número 52 a Resolución do 7 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B).

Vistos os requisitos esixidos na devandita Resolución e tendo en conta o artigo 5 no que se sinala a posibilidade de solicitude de subvención de xestión compartida e que o concello de Padrón é titular dun centro de información á muller (CIM).

Logo de ver o borrador do Convenio de colaboración marco entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida-agrupación de concellos para o financiamento do servizo de CIM.

Logo de ver o informe de secretaría-intervención do 04/04/2022 que consta no expediente, previa solicitude mediante providencia da alcaldía, considerando que ningunha outra administración está a desempeñar a competencia en materia de centros de información á muller no Concello de Dodro e considerando que ao abeiro do disposto no artigo 22.2 e en relación co 47.2 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Propoño ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración que se asinará entre os

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3 Concellos (Padrón, Dodro e Rois) polos respectivos representantes municipais para a xestión compartida do **Servizo de apoio aos CIM**, tendo en conta o texto que se transcribe como ANEXO e designar a don Antonio Fernández Angueira como representante legal para todos os efectos oportunos relacionados co convenio.

Segundo.- Aprobar a solicitude de subvención, conxuntamente cos concellos de Padrón e Rois á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade para a xestión compartida do Programa de apoio aos CIM, ao abeiro a Resolución do 7 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI427B), polo importe de 39.999,99 € desglosado a continuación e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

POSTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	DO 1/4/2022 A 30/11/2022	DO 1/12/2022 A 31/3/2023	TOTAL
Asesoramento xurídico	9.333,33	4.666,66	13.999,99
Atención psicolóxica	9.333,33	4.666,66	13.999,99
Axente de Igualdade	8.000,00	4.000,00	12.000,00
TOTAIS	26.666,66	13.333,32	39.999,98

Terceiro.- Aprobar a achega económica de 1.500,00 euros que lle corresponden ao Concello de Dodro para o financiamento do proxecto e financiar o custo das accións subvencionables que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

Cuarto.- Dar traslado ao Concello de Padrón.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

ANEXO

"***CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE CIM***

En Padrón, a de abril de 2022

REUNIDOS:

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Os alcaldes dos seguintes concellos:

*Don Antonio Fernández Angueira, con DNI ***974***, alcalde do concello de Padrón (CIF P1506600D) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don Francisco Xabier Castro Tourís, con DNI ***807***, alcalde do concello de Dodro (CIF P1503300D) que actúa en nome de esta entidade.*

*Don Ramón Tojo Lens, con DNI ***686***, alcalde do concello de Rois (CIF P1507500E) que actúa en nome de esta entidade.*

Todos en nome e representación do seu concello, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

***Primeiro**.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as: necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma; entre outras, en materia de prestación de servizos.

***Segundo**.- De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.*

***Terceiro**.- No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

***Cuarto**.- O artigo 26 da LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de apoio aos centros de información á muller, en diante. Programa de apoio aos CIM e o artigo 81 LALGA pronunciase en termos semellantes.*

***Quinto**.- A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende prestar establece na Exposición de Motivos do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidades das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, que terá carácter prioritario dentro da acción dos CIMs as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais, a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores e maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas.*

Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.

A Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia establece no art. 8 que se apoiará un servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais. Neste sentido considérase adecuado utilizar a rede dos CIMs con este obxectivo, xa que conta con persoal especializado nos ámbitos xurídico e psicolóxico e con experiencia na información no acceso aos diversos recursos dispoñibles.

***Sexto**.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.*

***Sétimo**.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

***Oitavo**.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.*

Noveno**.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa.

***Décimo**.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN** a **XESTIÓN COMPARTIDA** do seguinte **SERVIZO PROGRAMA DE APOIO AOS CIM**, mediante o presente convenio segundo as seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

*O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do SERVIZO DE **PROGRAMA DE APOIO AOS CIM** que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.*

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados na primeira páxina deste documento.

Terceira.- Obxectivos de colaboración

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- *Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público*
- *Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público*
- *Minorar os custos antieconómicos da prestación illada*
- *Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada.*
- *Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa*
- *Valorizar os recursos dispoñibles.*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Cuarta.- Xestión compartida do servizo

*A xestión do servizo de **APOIO AOS CIM** será realizada polo concello de Padrón e incluirá todo o relacionado coa xestión do servizo, con aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).*

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condicións concretas das condicións de prestación:

- *O obxecto do servizo estará exclusivamente integrado pola intervención global dirixida ás mulleres proporcionando asesoramento xurídico, atención psicolóxica, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.*
- *As actividades de prevención, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas desta violencia serán prioritarias no CIM. Nestes casos dita atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas. Estas actuacións estarán dirixidas a reducir o impacto negativo que a situación de violencia produce nestas persoas en todos os ámbitos.*
- *CIM poderá prestar información e asesoramento na súa área de influencia ao colectivo de persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, tanto individualmente como ás asociacións e federacións que o demanden.*
- *Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:*
  1º. Contará cun mínimo de dúas integrantes: Directora-Asesora Xurídica (Isabel Ramos Boó) e Psicóloga (María Mercedes Regos Cea).
  2º. Poderá contar cunha axente de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xéner.
  A Directora-Asesora Xurídica e a Psicóloga deberán contar coas titulacións e formación que se especifica no Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, normativa que regula as súas funcións.
  O resto de persoal deberá ter a formación precisa para o desempeño das funcións encomendadas e, en todo caso, a suficiente en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinale, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

Quinta.- Comisión Mixta-Coordinación

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles.

Reunirase en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
Ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:
- *O seguimento da xestión do servizo*
- *Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo á aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo*
- *A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.*
- *A elaboración das súas normas internas de xestión*
- *A interpretación do convenio*
- *A proposta, se é o caso, de addendas*
- *Intervención previa á resolución por incumprimento*
- *Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes*
- *Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.*

Sexta.- Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder a aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

***Sétima**.- Cada concello sinalará en ANEXO ao presente convenio os medios*

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

persoais e materiais que adicará á realización das actividades materias, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Oitava.- Subvencións e axudas

Para a xestión do servizo ***ACÓRDASE a solicitude de subvencións convocadas pola Administración autonómica.***

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, a porcentaxe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos conveniantes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiarios, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o sinalado no ANEXO.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo no seu término municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:
a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
c) Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento do obxecto do convenio.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio

Entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante a totalidade do período subvencionable (do 1 de abril do 2022 ata 31 de marzo do 2023) e prorrogándose automaticamente cada ano e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo segunda.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito.

Décimo terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

Décimo cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdicional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

O Alcalde de Dodro	*O Alcalde de Padrón*	*O Alcalde de Rois*
D. Francisco Xabier Castro Tourís	*D. Antonio Fernández Angueira*	*D. Ramón Tojo Lens*

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE APOIO AOS CIM

ACORDO sobre solicitude de subvención ao abeiro da RESOLUCIÓN do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B) publicada no DOG número 52 do mércores, 16 de marzo de 2022 nos termos que figuran nos puntos seguintes, así como aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta Resolución e demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciar aquela:

Concello designado para a xestión e xustificación da subvención segundo o previsto na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida *(a nome do que se ingresarán os fondos)*	*Padrón*
Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de Política Social.	*Antonio Fernández Angueira (***974***)*

Compromisos e porcentaxe de subvención que corresponderá a cada un dos integrantes:

Concello	***Compromisos de execución (materiais e financeiros)***	***Porcentaxe de subvención que lles corresponderá***
	- Xestión do servizo nos termos sinalados na cláusula relativa ás condicións da prestación-xestión compartida	
PADRÓN	*100%*	*100%*
ROIS	*0%*	*0%*
DODRO	*0%*	*0%*
TOTAL	*100 % (compromisos financeiros)*	*100 %*

Condicións:

1. A prestación do servizo executarase segundo o establecido no Decreto 130/2016 do 15 de setembro e nas condicións reflectidas na condicións da Resolución da convocatoria.

2. Prazo de execución do servizo:

Período de execución respecto do que se solicita subvención (prestación desenvolvida segundo o disposto no artigo 8 da orde)	
Dende	*Ata*
01/04/2022	*31/03/2023*

3. Número de integrantes do equipo de apoio aos CIM durante o referido período de execución: 3

4. Os concellos de Rois, Dodro e Padrón asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención

5. O horario de funcionamento do servizo será semanal.

6. O concello de Padrón pon os medios persoais e materiais que adicará a realización das actividades que constitúen o obxecto da xestión.

7. Os concellos integrantes da agrupación asumen o compromiso solidario de

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

responsabilidade, execución e aplicación da subvención asi como o de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas as axudas recollidas nas alíneas a) e b) do artigo 1 polo Programa operativo FSE-Galicia 2014-2020, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención
8. Financiamento do servizos
A) financiarase pola subvención regulada na Resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B).
B) Cofinanciarase polos concellos por importe de 7.500 € que se distribúen en:

CONCELLO	*POBOACIÓN*	*APORTACIÓN CONCELLO*
DODRO	*2.750*	*1500 €*
PADRÓN	*8.366*	*3000 €*
ROIS	*4.505*	*3000 €*
TOTAIS		*7.500 € ”*

O alcalde, Francisco Xabier Castro cede a palabra á concelleira de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais, Sra. Ana Muñiz, para a defensa desta proposta.

Ana Muñiz, concelleira de Área de Igualdade, Xuventude e Relacións Veciñais: Logo da Resolución do 7 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Igualdade, tendo en conta que o artigo 5 sinala a posibilidade de solicitude subvención de xestión compartida e que o Concello de Padrón é titular dun centro de información a muller (CIM), trátase de aprobar o texto do Convenio de colaboración entre os concellos de Padrón, Rois e Dodro para a xestión compartida do Programa para a promoción da igualdade mediante o sistema de xestión compartida, polo importe de 39.999,99 euros, para o asesoramento xurídico, atención psicolóxica e axente de igualdade.

A achega económica por parte deste Concello é de 1.500 euros, para o financiamento do proxecto e o custo das accións.

A lexislación sectorial relativa ao servizo que se pretende establece os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller e a loita en xeral contra a violencia de xénero. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación vulnerable o risco de exclusión social.

En definitiva trátase de xestionar de forma compartida as actuacións públicas e garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo o obxecto deste convenio fixar as principais liñas de colaboración e o funcionamento do Programa de Apoio aos CIM e solicitar as subvencións convocadas.O período de execución

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do proxecto vai desde o 1 de abril de 2022 ao 31 de marzo de 2023. E por suposto o grupo socialista vai aprobar este convenio.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Antes de continuar dicir que hai un erro nas datas que figuran na páxina 1. As datas correctas son do 01/04/2022 ao 30/11/2022 e logo retomase do 01/12/2022 a 31/03/2023, para que conste que hai un erro na redacción do convenio.

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: Como diciamos antes, imos apoiar este convenio a ver se así os veciños de Dodro por fin poden ter un servizo de atención psicolóxica ao que se comprometera o sr. Mariño, pero que durante un ano e despois de ter o financiamento asinado foi incapaz de conseguir este servizo para os veciños de Dodro. Pero se non é capaz de seis, oito meses de buscar un substituto para educador familiar, tampouco podemos esperar moito mais.

Se con este convenio, as mulleres de Dodro poden ter acceso a atención psicolóxica que precisen en determinadas circunstancias, poden ter un apoio para aquelas situacións de violencia, pois unha vez mais teremos que confiar na xestión doutros concellos para que os veciños de Dodro teñan estes servizos. É unha mágoa que dispuxeran vostedes unha subvención para igualdade e que soamente os veciños que puideran dispoñer dese servizo durante dous meses.

Pero en fin, ao final vaia a resultar que os servizos sociais no Concello de Dodro están garantidos por outros concellos da comarca. Pasamos de ser un concello que era pioneiro e que era modelo a seguir por outros na xestión de servizos sociais, agora a vernos obrigados a depender de convenios para ter os servizos que durante oito anos sempre dispuxemos.

En todo caso, xa digo imos a votar a favor, claro está, non podía ser de outra forma e confiar unha vez mais nos concellos da comarca para que os veciños de Dodro poidan ter os servizos que xa están desfrutando neses outros concellos.

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: Dicirlle ao voceiro do Partido Popular que aquí non se ven a descalificar aos concelleiros, aquí trátase de aprobar este convenio, non a descalificar servizos sociais. Aquí defendemos ben defendida, á concelleira que leva ese tema, que é Igualdade e Muller e non Servizos Sociais.

Falaban aí de atención psicolóxica, todos os veciños de Dodro poden acudir ao CIM, os veciños e veciñas, e non aleccionados polo PP, que o que intentan é bronca contra o equipo de goberno.

Dito todo isto, quedou ben explicado pola miña compañeira Ana este tema e, loxicamente, como dixo ela, o grupo socialista vai apoiar este convenio.

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: Parece ser que o PP non está moi de acordo coa xestión compartida dos servizos, tampouco lle

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

parece moi ben que estea este servizo compartido con Padrón e con outros concellos. Parece que vai en contra da política da propia Xunta de Galicia, que prefire que certos servizos se convenien e se xestione conxuntamente con varios concellos, xa que a xestión é moito mais efectiva e moito mais áxil.

Non ten sentido que agora que cada concello teña individualmente un servizo... sobre todo concellos pequenos como son Padrón, Rois e Dodro. Non ten sentido facer cada concello o seu CIM, senón teriamos en Galicia 315 CIMs. O partido popular seguramente os querería pero creo que a xestión sería moito mellor con este tipo de xestión compartida.

Dende a Unidade Veciñal imos a apoiar, pois vemos como outros anos é un servizo esencial.

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: Nós tamén anunciamos que vamos a apoiar este convenio do CIM. Unicamente insistir, coma no punto anterior, este tipo de convenios están ben, pero creo que se houbera outro tipo de políticas non tanto entre concellos, senón comarcas, ao mellor funcionaban mellor. Iso é o que debería pedir o portavoz do PP aos seus socios na Xunta. Teríamos un servizos mancomunados, a atención para a cidadanía de casa en casa. Parece ser que isto é o que quere tamén o PP pero realmente non llo pide a que llo ten que pedir.

Recórdolle tamén que os Servizos Sociais, cando temos persoal, porque eu non son o xefe de persoal, pero cando hai persoal en Servizos Sociais, funcionamos. E téñolle que volver a recordar, que parece que se esquece de 1.830 horas que había cando chegamos, pasamos a 2.305 horas na actualidade. Repítolle: de 1.830 pasamos a 2.305 horas que hai que xestionar. Igual queo Sr. Alcalde, que dicía no último Pleno, coma min, co salario dos nosos traballos, e co tempo que nos permiten os nosos traballos. E sáelle mais barato aos veciños e están atendidos, iso por un lado.

Tamén recalcar o porque non menciona aquí os Servizos Sociais no CIM: porque non é unha cousa estanca. Vostede pensa que este goberno vai por departamentos, por áreas, que non hai comunicación, que é unha cousa distinta Obras de deportes e de cultura.... pois non, está equivocado; os veciños sábeno pero vostede non se decatou que este é un goberno e o goberno comparte proxectos. O CIM non é só para a muller, que ao mellor non o sabe, pode desgraciadamente, pode ser utilizado por persoas que están ligadas a unha concellería ou a outra. Claro vostede non sabe, non lle da, non é capaz de ver mais que do que pon aí. Pero claro a xestión de Servizos Sociais que seguramente vostede nunca levou de maneira directa non sabe como é. Entón explícollo, é un centro de información a muller pero bebe de varias concellerías para a atención a toda o que é a cidadanía de Dodro .

Insístolle, se tiveramos outro tipo de políticas teríamos unha atención psicolóxica, ao mellor ata teríamos RAYOS X; pero insisto non somos o SERGAS. Non se confunda nin engane a cidadanía. Nós non somos o SERGAS, nós non temos un hospital psiquiátrico, nós non temos por exemplo unha Alúmina Aluminio, ... non podemos ter iso. Ao mellor podíamos ter empresas se vostede non se cargara o

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

polígono industrial, iso si. Pero non. Temos que remar con estes vimbios co que nos deixou o PP gobernando durante trinta anos e do seu calamitoso goberno nos deixou. Creo que os éxitos deste insisto goberno, tripartito -ao mellor non o ve- o que está facendo é un goberno para todo Dodro con todos os recursos que se comparten, debemos uns de outros.

Polo tanto, insisto vamos a aprobar.

O alcalde: Antes de pasar a votación, quería facer eu tamén unha mención.

Recórdolle tamén ao portavoz do partido popular no mesmo sentido que dixen antes que como ben dixo o portavoz de Unidade Veciñal é política da Xunta agrupar certos servizos coa intención de mellorar a atención á cidadanía. Evidentemente a nosa intención e continuar traballando cos concellos limítrofes para mellorar todo tipo de servizos.

Faime gracia que vostede incida no tema do apoio psicolóxico e esquecese da atención xurídica e da atención á igualdade que oferta o centro de información a muller, isto é algo mais que ter unha psicóloga contratada de xeito irregular para que vostede nos estea, primeiro dicindo que a contratamos de xeito irregular e despois dicindo que si cobra moito un funcionario que ven doutro lado.

Mire vostede, nós intentamos respectar a lei, si para respectar a lei a veces nos resulta difícil, ou imposible facer algún tipo de contratación, pois intentaremos de defendernos como poidamos. Pero temos unha máxima, que é defender a lei; é ao que nos obriga ser os xestores deste concello. Non podemos facer as contratacións que nos apetezan por moito que nos apetezan. Seguro que todos os que estamos gobernando este concello teriamos moitas ideas e poderíamos facer moitas cousas, pero hai que ter unha cousa presente sempre que é respectar a lei.

Procédese á votación.

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
4 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 Unidade Veciñal de Dodro

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción de dito acordo.

6. OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A DON JOSÉ DOMINGO CASTAÑO SOLAR

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe:

"EXPEDIENTE: 2022/X999/000007
ASUNTO: OUTORGAMENTO, SE PROCEDE, DO TÍTULO DE FILLO PREDILECTO A DON JOSÉ DOMINGO CASTAÑO SOLAR
TRÁMITE: PROPOSTA AO PLENO

O Regulamento especial para a concesión de honras e distincións do Concello de Dodro publicado no BOP núm. 120 do 29/06/2021 recolle a posibilidade da concesión de honras e distincións a quen teña contribuído ao coñecemento e bo nome do Concello de Dodro ou a quen teñan prestado servizos destacados, desenvolvido unha importante carreira ou acadado logros merecedores de ser recordados, que repercutan en beneficio da comunidade veciñal ou da sociedade en xeral, en calquera eido, social, político, cultural, científico, artístico, deportivo, etc, sendo esa unha maneira de saldar a débeda que ten o Concello, e a propia sociedade, con esas persoas e institucións, agradecendo publicamente, e para a posteridade, os méritos que os fixeron acredores de tal recoñecemento.

Considerando que concorrían as anteriores cualidades en don José Domingo Castaño Solar, por Resolución da Alcaldía núm. 24 de 28/01/2022 resolveuse: *"Propor o nomeamento como Fillo Predilecto deste Concello a don José Domingo Castaño Solar, nacido neste municipio; Nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos que concorran na persoa proposta a don Ramón Abuín Gómez, e tendo en conta o establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O instrutor do expediente practicará cantas dilixencias estime necesarias e rematada a función informativa, formulará a súa proposta que será dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remita, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente; Comunicar ao Instrutor o nomeamento habilitándoo para que realice todas as actuacións necesarias previstas no Regulamento; e notificar a don José Domingo Castaño Solar a presente resolución".*

O instrutor do expediente emite informe proposta en data 04/04/2022 que literalmente indica:

"A Resolución da Alcaldía núm. 24/2022 de 28 de xaneiro resolveu propor o nomeamento como Fillo Predilecto deste Concello a don José Domingo Castaño Solar, nacido neste municipio.

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Así mesmo acordou nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos que concorran na persoa proposta a Ramón Abuín Gómez, indicando que se debían practicar cantas dilixencias estimase necesarias e, rematada a función informativa, formular a proposta que sería dirixida á Alcaldía, para que, oída a Xunta de Voceiros, se remitise, no seu caso, proposta con todo o actuado, ao Pleno do Concello a fin da adopción do acordo correspondente.

Por parte deste instrutor practicáronse as dilixencias e realizáronse as consultas e pescudas que se creron convenientes, a través de conversas con veciños, en xeral, e amizades da persoa proposta, en particular, para os efectos de investigar e acreditar os méritos concorrentes para o nomeamento de don José Domingo Castaño Solar como **Fillo Predilecto do Concello de Dodro**, crese oportuno sinalar as consideracións seguintes:

"Nado en Lestrobe (Dodro) o 8 de outubro de 1942, máis coñecido como Pepe Domingo Castaño, é un presentador de radio e televisión, cantante e escritor español.
Traballa como presentador e animador do programa *"Tiempo de juego"* da Cadena COPE. Tamén dirixiu *"El gran musical"* da Cadena SER e o programa de televisión *"300 millones"*, emitido por TVE.
No seu haber conta con catro premios Ondas en recoñecemento á súa carreira e a súa achega ao mundo da comunicación; o *«Premio Nacional a las Artes y las Ciencias aplicadas al deporte»* de 2011; e o *«Premio Joaquín Prat de Radio»* outorgado pola Academia Española de la Radio.

Biografía:
Castaño comezou con 18 anos a súa traxectoria profesional, ao ser contratado en 1964 en Radio Galicia, emisora de Santiago de Compostela afiliada á rede de Cadena SER. Este posto compaxinouno cun traballo como contable na empresa de curtidos de Padrón, vila que tempo despois nomearíao «fillo adoptivo». En decembro de 1966, abandonaría o seu pobo para ganarse a vida en Madrid como artista.
O seu traballo radiofónico chamou a atención da *Red de Emisoras del Movimiento*, que o contratou para a principal emisora do grupo, La Voz de Madrid. Alí desenvolveu o seu primeiro programa musical, coñecido como *Club musical*. Dous anos despois fichou por Radio Centro, onde conseguiu facerse popular a nivel nacional grazas a *"Discoparada"*. A súa vez, comezou a súa carreira musical en grupos como *Los Ibéricos* e *Los Blue Sky*, para despois cantar en solitario.
En 1968 foi contratado por Televisión Española para presentar *"Biblioteca Joven"*. Alí coñeceu á súa primeira parella, a tamén presentadora María Luísa Seco, con quen estivo casado desde 1969 hasta 1981. Cando o espazo foi retirado, Pepe Domingo continuou en nómina presentando programas xuvenís como *"A todo ritmo"* (1971) e *"Voces a 45"* (1975), cos que se consagrou como presentador de programas musicais.
A Cadena SER volveu a contratalo en 1973, nesta ocasión para toda a rede nacional, como presentador de programas xuvenís e musicais como *"Voces a 45"*, *"Viva la radio"* e *"Sintonía sobre ruedas"*. Non obstante, o seu traballo máis

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

recoñecido ata a data foi como presentador de *"El gran musical"*, que lle valeu o seu primeiro premio Ondas en 1975. A súa carreira como cantante solista tamén despexou grazas ás súas actuacións en España e Hispanoamérica. O 15 de febreiro de 1975 foi número 1 do programa *"Los 40 Principales"* con *"Neniña (viste pantalón vaquero)"*, e en 1979 foi Disco de Oro en México con "*Motivos"*.
Despois, presentou en TVE o programa *"300 millones"*, desde 1979 ata 1983, cando se retirou deste medio ata un breve regreso en 1995 co programa "*Número 1"* (Telecinco). Tamén presentou en 1985 o programa de entrevistas e actualidade *"Boa Noite"* en TVG, producido por Pedro Amalio López. Foi o primeiro deste canal autonómico
José Domingo continuou na Cadena SER con distintos programas como *"Aquí la SER"*, así como a retransmisión de acontecementos deportivos como a *"Vuelta ciclista a España"* e o *"Tour de France".* En 1988 chegou a *Carrusel deportivo* que presentou primeiro con Antonio Martín Valbuena e durante 18 anos con Paco González, onde comentou a actualidade deportiva e cantou as cuñas publicitarias do programa. En 2010 abandonou Carrusel deportivo en desacordo co despedimento de Paco González, a quen acompañou cando foi contratado pola Cadena COPE nese mesmo ano.
No ano 2006 publicou *"Carrusel deportivo: Diario de un año"*, un libro que fala dos mellores momentos do programa deportivo, e dous anos despois publicou o seu libro de poemas *"Debajo de la parra"*.
Prestou a súa voz xunto con Javier Lalaguna para os xogos de EA Sports Copa Mundial de la FIFA 2006, UEFA Champions League 06/07 e EURO 2008.
Está casado desde 1985 coa ex-modelo María Teresa Vega, coa que ten dous fillos.
Acaba de publicar o libro *"Hasta que se me acaben las palabras"*, Editorial Aguilar, en xaneiro 2022, da que levan realizadas 3 edicións a 1 de febreiro de 2022.

Méritos:
A parte de ter nacido neste Concello de Dodro, o seu historial e os premios e as condecoracións obtidas na súa carreira, subliñar a relevancia para este pequeno municipio dalo a coñecer a nivel nacional a través das ondas radiofónicas.
Destacar que precisamente nese libro *"Hasta que se me acaben las palabras"* no seu Capítulo 2, fai mención ao seu lugar de nacemento:
"PRIMEROS BALBUCEOS. LA BÚSQUEDA
Seguro que aquel 8 de octubre de 1942 llovía a cántaros sobre ***Lestrove****, un pueblo pequeño y humilde que vivía acurrucado en la hermosa vega de Padrón y al que los versos de Rosalía de Castro habían convertido en paisaje eterno de leyenda.*
¡Padrón ! ... ¡Padrón! ...
Santa María ..., Lestrove ...
¡Adiós! ¡Adiós!
Desde el Pazo da Hermida, sobre los primeros suspiros de la ría de Arosa, la gran cantora del Sar empujaba su tristeza y saudade río abajo al encuentro del mar. Y precisamente allí, acunado por versos y cantares, en una casa oscura y quejumbrosa, vino al mundo un bebé rubio y gordinflón, hijo de Antonio y de Rosa, al que le correspondieron los nombres de José y Domingo ...

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Así como á referencia que fai a súa localidade de nacemento e outros lugares de Dodro, nalgún ca outro pregón que deu, como na *"Festa do Pemento de Herbón*" e noutras intervencións radiofónicas:
Cojo un pimiento verde
y lo acerco conmigo a La Matanza,
a llorar Follas Novas,
a despedir ***Lestroves y Laíños***
a sentir Rosalía entre piedras y trenes,
esperando que chova miudiño, ...

Premios e condecoracións:
- Catro Premios Ondas (1975, 1996, 2002 y 2005)
- Dous Antena de Oro (1989 y 2010)
- Un Micrófono de Oro en 2005
- Premio Joaquín Prat (2014)
- Premio Nacional del Deporte (2012)
- Premio Emilio Castelar (2013)
- Premio Diego Bernal (2011)
- Premio da Asociación Española de Informadores de Prensa (2010)
- Medalla Castelao (2015)
- Fillo Adoptivo de Padrón (1986)
- II Premio Nacional de Periodismo Deportivo 'Manuel Alcántara" (2019)
- Premio 'Gallego del Año 2020' de El Correo Gallego
- Premio Especial 2020 do Sevilla C.F."

Polo que considerando que se seguiron os trámites previstos no artigo 20 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021) e en exercicio das facultades outorgadas polo apartado 4 do citado artigo 20,

PROPOÑO Á ALCALDÍA:

Que se efectúe proposta ao Pleno municipal de nomeamento de fillo predilecto do Concello de Dodro a don José Domingo Castaño Solar, máis coñecido por *"Pepe Domingo Castaño",* polos méritos e circunstancias singulares que nel concorren e arriba expostos.

Dodro, documento asinado dixitalmente á marxe
O instrutor do expediente
Ramón Abuín Gómez"

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro (BOP núm. 120 do 29/06/2021), e oídos os voceiros dos grupos municipais, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte ACORDO por unanimidade ou maioría absoluta:

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

PRIMEIRO.- Conceder a don José Domingo Castaño Solar o título de Fillo Predilecto do Concello de Dodro, á vista do informe-proposta do instrutor do expediente.

SEGUNDO.- Notificar a don José Domingo Castaño Solar o presente acordo, indicando que se celebrará, no caso de aceptación do título, acto de entrega do documento oficial en forma de diploma artístico así como da insignia de acordo co artigo 5.2 do Regulamento municipal.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Distincións Honoríficas do Concello de Dodro o título concedido ao abeiro do artigo 27 do Regulamento citado.

Dodro, documento asinado dixitalmente á marxe
O alcalde
Francisco Xabier Castro Tourís

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Visto o regulamento de honras que temos no concello que se publicou en xuño do ano 2021, que recolle a posibilidade de que este concello teña un recoñecemento coas persoas que prestaran servizos destacados e que repercutan no beneficio da comunidade, desde hai un tempo, sobre todo dende que José Domingo Castaño publicou o seu libro, unha biografía, valoramos esta posibilidade, estivemos en contacto con el e a súa familia e traemos aquí o informe preceptivo que vai a ler o concelleiro que foi o instrutor do expediente coa intención de que isto sexa aprobado por unanimidade dos concelleiros aquí presentes.

Ramón Abuín, voceiro do PSdeG-PSOE: Vou facer un pequeno resumo do informe que redactei respecto a José Domingo Castaño Solar, mais coñecido como Pepe Domingo Castaño.
Unha cualidade que mais destaca é que naceu neste concello en Lestrobe, o 8 de outubro de 1942. Traballou como presentador e animador do programa “Tempo de Xogo na COPE”, “El gran musical” na SER, “300 millóns”, “Premio Nacional as Artes e as Ciencias aplicadas”.
Empezou en Santiago na Cadena SER e un montón de premios, o seu andar por diversos medios de comunicación, e os méritos aparte de nacer neste concello o seu historial os premios na súa carreira suliñar a relevancia para este pequeno municipio dar a publicidade internacional mediante as ondas radiofónicas. Destacar o libro que acaba de mencionar o alcalde “Ata que se me acaben as palabras” no seu capítulo 2 fai mención o seu lugar de nacemento.

PRIMEROS BALBUCEOS. LA BÚSQUEDA
*Seguro que aquel 8 de octubre de 1942 llovía a cántaros sobre **Lestrove**, un pueblo pequeño y humilde que vivía acurrucado en la hermosa vega de Padrón y al que los versos de Rosalía de Castro habían convertido en paisaje eterno de leyenda.*
¡Padrón ! ... ¡Padrón! ...
Santa María ..., Lestrove ...
¡Adiós! ¡Adiós!

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Desde el Pazo da Hermida, sobre los primeros suspiros de la ría de Arosa, la gran cantora del Sar empujaba su tristeza y saudade río abajo al encuentro del mar. Y precisamente allí, acunado por versos y cantares, en una casa oscura y quejumbrosa, vino al mundo un bebé rubio y gordinflón, hijo de Antonio y de Rosa, al que le correspondieron los nombres de José y Domingo ...
Así como á referencia que fai a súa localidade de nacemento e outros lugares de Dodro, nalgún ca outro pregón que deu, como na *"Festa do Pemento de Herbón*" e noutras intervencións radiofónicas:
Cojo un pimiento verde
y lo acerco conmigo a La Matanza,
a llorar Follas Novas,
a despedir ***Lestroves y Laíños***
a sentir Rosalía entre piedras y trenes,
esperando que chova miudiño, ..
Y una relación de Premios Ondas, Antenas de Oro, Micrófonos de Oro, etc.
Considerando que se seguiron os trámites previstos no artigo 20 do Regulamento de honras e distincións do Concello de Dodro, propuxen á alcaldía a proposta ao pleno municipal o nomeamento de fillo predilecto do Concello de Dodro a D. José Domingo Castaño Solar, mais coñecido como Pepe Domingo Castaño polos méritos e circunstancias singulares que nel concorren.
Isto é o que traio aquí, con informacións obtidas de veciños de Lestrobe e amigos do propio Pepe Domingo Castaño Solar.

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: Dende o PP consideramos moi merecida esta distinción na persoa de Pepe Domingo Castaño Solar. É unha persoa que ala onde estivo sempre dou a coñecer a Galicia e a Comarca do Sar mais concretamente.
Hai que recoñecerlle a súa traxectoria profesional e que nos sentimos profundamente orgullosos os dodrenses, pero por riba de todo a súa cercanía con todos os veciños da Comarca do Sar e que pon de manifesto a súa manía, xenerosidade e aprecio a súa terra e a súa xente.

Ramón Abuín, voceiro do PSdG-PSOE: Reitero o dito no informe. Aprobaremos esta distinción.

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: A Unidade Veciñal de Dodro vai a votar que si.

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: Si, nos tamén anunciamos o noso voto positivo. Ademais creo que hai tres cousas que destacan na proposta que ten o Regulamento que ten o Concello de Dodro actual. Podería ser outro pero o primeiro regulamento de honras e podémonos congratular en poder traer aquí con luz e taquígrafos un nomeamento como é o desta persoa nacida en Dodro por un lado. E a parte de cumprimentar o que di o regulamento, coincido co PP dou visibilidade a Dodro e sobre todo á comarca.
E por último é un síntoma desde o meu punto de vista, ao mellor compartido ou non con outros compañeiros deste plenario, e tamén é un símbolo da emigración: unha persoa nacida aquí, criada aquí pero que tivo que buscarse a vida fóra. Polo

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

tanto ao mesmo tempo que homenaxeamos a Pepe Domingo Castaño é unha chiscadela á emigración, neste caso no Estado Español, e pode ser posto en valor. Por todo isto o BNG vai a apoiar.

O alcalde, eu antes de pasar a votación, primeiro agradecer a todos as palabras que dicimos en favor do que espero que sexa en segundos Fillo Predilecto do Concello de Dodro. Quería engadir unha cousa, simplemente un detalle, que por moito que Pepe Domingo Castaño se declare en todos os ámbitos padronés universal como di el moitas veces e todos os anos ven a Padrón a celebrar moitas das festas do noso veciño pobo, case todos os veciños de Lestrobe sabíamos da súa orixe, sabemos que naceu alí e que por cousas da vida... algún irmán mais é de Lestrobe. E unha cousa que aínda que fora en privado o tema de Lestrobe nos gustaba recordar e agradecer.
Agora mesmo, gracias a situación, vamos a tratar de recoñecer o seu traballo como galego, como traballador, como nado do noso Concello e esperamos que este sexa o inicio do moitos mais fillos predilectos que podemos ter aquí en Dodro.
Vamos a votar a proposta do outorgamento, se procede, do título de fillo predilecto a don José Domingo Castaño Solar.

Votacións:
Votos a favor: 10
1 BNG
4 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

C) MOCIÓNS:

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE DODRO SOBRE O PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA.

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro, dálle a palabra o portavoz do PSdeG-PSOE, Ramón Abuin.

"O Grupo Municipal Socialista de Dodro de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre o **PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PSdeG-PSOE vén de presentar un Plan urxente de medidas económicas e sociais. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte á situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a paliar as súas consecuencias, sobre todo ás persoas e sectores máis afectados e ás persoas en situación de vulnerabilidade. O custo da electricidade, do combustible e de materia prima de determinados produtos descontrolouse porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos principais produtores de cereais e aceite de xirasol. Se a este contexto se suman os efectos negativos de dous anos de pandemia, aparece un horizonte escuro para a economía da que ameaza a ansiada recuperación económica. Cómpre, polo tanto, actuar de maneira urxente, e, para iso, plantéxanse as seguintes medidas:

1. **Redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica.** Baixada das tarifas nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% para o resto dos usuarios. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.
2. **Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia)**. Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.
3. **Plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais** para compensar o aumento de custes do transporte. Posta en marcha dunha liña de axudas urxentes para axudar a costear a alza dos combustibles nos sectores da pesca, da agricultura e a gandería.

   Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE a tipo reducido.
4. Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**, así como demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.
5. Identificación e impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética** a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Impulsar desde a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.

6. Redución das **tarifas portuarias** nun 75% tanto no que se refire a Portos de interese xeral como aos xestionados pola Xunta de Galicia.
7. Modificar os Orzamentos da Xunta de Galicia para aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables,** triplicando a partida orzamentaria dedicada ao **bono social eléctrico**, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros, o que permitía incrementar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias.
8. Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta coa finalidade de incorporar nesta prestación ás familias de persoas refuxiadas procedentes de Ucraína.
9. Demandar da Xunta unha **redución no tramo autonómico do IRPF** para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estado unha rebaixa paralela.
10. Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Dodro a adoptar os seguintes acordos:

A Corporación Municipal de Dodro

1. Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:

- **Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica**
- **Rebaixa nas taxas da ITV**
- Impulso lexislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética.**
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**
- Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta
- **Redución no tramo autonómico do IRPF**

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

- Habilitar un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.

2. Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

- Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**.
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos
- Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9

Dodro , 31 de marzo de 2022

O voceiro do Grupo Municipal Socialista de Dodro

Ramón Abuín Gómez"

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: Parece ser que esquecen vostedes que foi o Goberno de Pedro Antonio, perdón de Pedro Sánchez o que pechou a central térmica das Pontes sen ter unha solución alternativa. Foi o goberno de Pedro Sánchez o que se lanzou a suprimir o uso do gas, das centrais nucleares, o carbón como fontes de enerxía sen ter unha solución para a dependencia enerxética de España. Foi o goberno de Pedro Sánchez o que creou un crises diplomática con Arxelia principal provedor de gas de España. Foi o goberno de Pedro Sánchez o que levou a España a unhas taxas de infracción como nunca vistas, e que xa estaban nunha escalada moi superior a media europea antes da invasión, que non guerra, porque é una invasión de Rusia en Ucraína.
Vostedes parece ser que a solución, parece que lle poñen mais proporción á Xunta que o Goberno de España.
Si se ven as propostas, o que se pide dende o Partido Popular e que se avanzou hoxe na reunión mantida entre o Presidente do Partido Popular de España e o Presidente Pedro Sánchez foi unha baixada de impostos inmediata; son mais axudas directas e, aínda, impostos negativos ás rendas mais afectadas. O que se propuxo foi un plan de racionalización do gasto. O que se propuxo foi un rediseño de fondos europeos Next Generation que estamos esperando aquí en Galicia a que no los transfiran para poder usalos en lugar de darlle ao marido da sra. Calviño a xestión destes fondos.
O que se piden son reformas estruturais. É dicir, creo que non son conscientes, ou non queren ser conscientes, ou séndoo, tentan trasladar outra visión da situación económica de España, pero quen ten unha responsabilidade directa, inmediata é o goberno de Pedro Sánchez, e polo tanto, lle corresponde a ese

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

goberno de 22 ministros tomar as medidas. Dende o partido popular se lles apuntaron, se lles apuntou na reunión de hoxe, e realmente é o goberno o que ten que tomar esas medidas de políticas macroeconómicas e non a Xunta de Galicia.

Abel Tarrío, Unidade Veciñal de Dodro: Boa tarde. Primeiro, si non o digo rebento, está ben que o Partido Popular apoie ao Centro de Atención á Muller, pero moito mellor sería non meter a aqueles que apoian a violencia machista nos goberno autonómicos e municipais.
En concreto con respecto a esta Moción...

(Interrompe) Valentín Alfonsín: Iso debe ser por vostedes?

Abel Tarrío: Cómo?

Alcalde: Desculpe, desculpe, non está vostede no uso da palabra. E vou facer uso da palabra un pouco torticero. Pode facer o favor de repetir vostede o que dixo?

Abel Tarrío: Si, que si non o digo que rebento, non é con esta moción, pero estaría ben que o Partido Popular en vez de apoiar a proposta do Centro de Información a Muller para axudar ás mulleres non metera nos gobernos autonómicos e municipais aqueles que negan a violencia machista.

Valentín Alfonsín: Que negan?

Alcalde: Gracias, si non entende o español outro día apréndeo.

Valentín Alfonsín: Está falando o galego non o español.

Alcalde: Por favor prosigamos. Vamos deixar de discutir esta historia.

Abel Tarrío: Con respecto a esta moción ten varios puntos, algúns podemos estar de acordo e con outros non, vamos a desmiuzar un por un: a revisión das peaxes autonómicas de titularidade da Xunta A Coruña- Carballo e Puxeiros-Valmiñor, entendemos que hai unha concesión que xestiona esas peaxes, que se fai unha bonificación, o final será a Xunta a que sufrague esa diferencia cos orzamentos da Xunta, quero dicir, ao final vámola a pagar todos igual. Rebaixas ITV, moi ben, pero sería menos ingresos para as arcas autonómicas. Proxectos estratéxicos, soa ben, pero non concreta a onde deben ir ese impulso lexislativo. Redución das tarifas portuarias, outra vez reducir a capacidade de ingresos das administracións. Plan social para as familias, é algo que podería ser positivo, pero choca frontalmente co aumento do gasto que se viña defendendo nos puntos anteriores de menos ingresos para as administracións públicas. Tarxeta Básica, vale pero non especifica en que se debe reformar a tarxeta básica. Redución no tramo autonómico do IRPF, falando dos impostos directos, é dicir, aqueles que gravan as rendas, entendemos que sería ben rebaixar eses tramos para as

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

rendas mais baixas. Pero non se fala de aumentar os tramos mais altos para a rendas mais altas, e dicir, quen teña menos poida contribuír un pouco menos neste momento de apuro que temos todos, e quen teña mais que aporte un pouco mais para solventar este problema que temos. Fondo de liquidez, pode ser positivo que se presente unha liña de crédito para as empresas que poida xerar perdidas ocasionadas polo conflito de Rusia – Ucraína porque teñen ali o seu mercado, o que lle suxire ao Estado o cambio de regulación do mercado eléctrico, creemos que é positiva esta medida, de feito xa está ou xa chegaron a acordo europeo para desvincular o prezo do gas ao prezo da electricidade, creo que é unha boa medida. A redución das tarifas portuarias ao 75%, é outra rebaixa que desmiúde a capacidade económica das administracións que veñen de solicitar á Xunta. As rebaixas os impostos aos hidrocarburos o que vai facer é que o estado ingrese menos, pero iso non vai a significar que os hidrocarburos momentaneamente si que vai a baixar de prezos, pero non vai asegurar que dentro de 2 ou 3 meses os prezos dos hidrocarburos non suban. E despois que? Volvemos aplicar outra bonificación? En vez de 20 céntimos 40 céntimos? Cremos que a solución non debe ir por aí, aínda que é unha complicación complexa, pero dende aquí non temos a capacidade, seguramente, para abordar ese tema. Rebaixa na AP-9, é dos temas mais falados neste pais nos últimos dez anos. Hai que recordar que a peaxe da AP-9, a concesión desa peaxe, foi declarada ilegal pola Comisión Europea, que quere dicir, que o goberno de Felipe González na súa concesión do ano 1994-2023 e de José María Aznar do período 2000-2048, que a concesión foi prorrogada ata o ano 48, foron declaradas ilegais pola Comisión Europea. É dicir, non se podía prorrogar esa concesión, senón que tiña que saír a licitación que fora pública; que calquera empresa puidera licitar.
Que pasa coas autopistas de peaxe? Que se as bonifica a Xunta, o Estado o quen sexa, o Estado vai ter que poñer esta parte que teñen que deixar de poñer os usuarios.
E outra cousa, os impostos indirectos, é dicir, aqueles que non gravan a renda que pasa? Que vai a pagar o mesmo? Vai ver reducida o mesmo aquel que teña un Ferrari que o que teña un 205 para ir a traballar. É totalmente inxusta á rebaixa das peaxes nese sentido. Sería mellor que foran de xestión pública, como son algunhas radiais de Madrid, que foron rescatadas polo Estado e xa están dando beneficios. Iso si que sería unha boa medida, pero é difícil cando temos unha prórroga ata 2048, declarada ilegal, pero que foi dada por José María Aznar.
Polo tanto, hai puntos que estamos a favor e hai outros moitos que estamos encontra. Cremos que a liña de reducir impostos non é mais acaida neste momentos, sobre todo se reducen a todos por igual. Poderían reducirse impostos ás rendas que teñen mais dificultade as rendas baixas, pero si que ten que haber unha redistribución da riqueza. É dicir, os que mais teñen deberán pagar mais en situación económicas coma esta, e os que teñen menos, pagar menos.
Do gasto público que falaba o Partido Popular, estaría ben comentar que o gasto público tamén se dispara cando hai comisión abusivas de familiares do Partido Popular que encarece o produto final que pagan as administracións públicas.
O noso voto vai ser unha abstención.

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: Parécenos unha moción un pouco morna tendo en conta que o BNG en menos dun mes convocou unha

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

manifestación a nivel nacional co resultado de miles de persoas manifestándose en Santiago . Como se acaba de escoitar aquí eu non vou a debullar todos os puntos que se acaban de expor pero si incidir no que estamos a padecer tanto do goberno do Estado como do goberno da Xunta, porque hai responsabilidades nos dous. Este é o estado Español pero a autonomía que está gobernada desde practicamente a súa creación polo mesmo partido e está facendo deixación de funcións como se aquí non tiveramos terra para poder sacar rendibilidade dela. Que o PP de Dodro fale de baixar cando é el, cando está no goberno quen sobe impostos é un pouco chocante; por non dicir outra cousa. Ao BNG énos insuficiente polo que está reclamando na rúa a xente, de aí o slogan da manifestación pasada FAGÁMONOS VALER , porque era o que nos dicía a cidadanía. Aínda asi cremos que é un tímido paso, e con este tímido paso imos apoialo.

Ramón Abuín, voceiro do PSdG-PSOE: Non sei, o ánimo descalificativo nomear ao Presidente do Goberno como Pedro Antonio, creo que é a conciencia... [dicir] que o que el é causante de toda a crise da política internacional, política internacional no que moito ben dado de aquel trío das Azores, onde José María Aznar puxo os pes encima da mesa, igual que Bush e Blair.
Aquí en Galicia que é do que estamos falando e non de política internacional, creo que foi o seu amadísimo Feijóo o que instaurou ese famoso céntimo sanitario. Estamos pagando polos hidrocarburos 10 céntimos mais por litro que calquera outra autonomía, a pesar de ter aquí a refinería e todo iso.
Falaba de sequía, pero as transferencias do Estado á Comunidade Autónoma que se fixeron e pide mais transferencias... xa veremos como fai o seu, repito, amadisimo Feijóo, que agora mesmo está mais pensando en Madrid que na Xunta de Galicia, e xa veremos como se comporta cun Concello pequeno coma Dodro. Todo o que pide Dodro, non está de dar, e el pide transferencias para mangonear asuntos para súa irmá e para todos da súa familia, xa non digo nada de outra política de fora de Galicia.
E respecto ao compañeiro de Unidade Veciñal, dígolle que o primeiro que faga caso o que se lle pide, e mais preocupado por Madrid o Sr. Feijóo, pero aquí estamos demandando un tanto por cento á Xunta de Galicia como ao Goberno Central. Son petición por ambas partes e cada unha dentro das súas competencias. Hai treitos que ten unha parte a Xunta de Galicia e outra parte o Goberno do Estado, creo que queda ben especificado na Moción.
Polo tanto, o Partido Socialista vai a votar a favor a Moción.

O Alcalde, eu xa, rematando, nada mais quería facer referencia aos puntos do acordo que pretendiamos aprobar, visto que non vai a ser posible.
Moi ben contestado por parte do concelleiro de Unidade Veciñal, sen embargo hai que recordar que o Estado español está subvencionando parte do gasto que estamos asumindo todos os galegos co actual goberno do Estado, para as tarifas da AP-9.
Nas rebaixas na ITV, mais ou menos discutible.
Nas tarifas portuarias dentro un momento de crise parece razoable que, si se pode facer, que se faga.
Concordar co que dicía o meu compañeiro, o portavoz, sobre a redución do IRPF

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Galicia ten sete tramos, e poderíase predicar co exemplo, antes de que veña ninguén que rebaixe o IRPF que queda moi chulo na tele, pois podería practicar, antes de deixar a súa presidencia na Xunta precisamente rebaixando o seu tramo autonómico.
E en fin, acusar a crise diplomática con Arxelia non sei a que, porque que se sepa o gas en España coa crise diplomática aínda non subiu, seguimos tendo o mesmo gas de Arxelia.
O peche das Centrais nucleares é unha política como ben vostede sabe, é aprobada e apoiada dende Bruxelas coa axenda 2030-2050, de cara a eliminación dos combustibles fósiles. Recórdolle que neste mundo se nos acaban. Non sei vostede, me pareceu oír por algún lado que tomou decisións nese sentido, o tema de abandonar certos combustibles fósiles. Dos fondos Next Generation, vostede di que llos manden e o final igual a Xunta de Galicia ten que aprender a xestionar os fondos que ten propios, con igualdade de todos os concellos, pero o goberno central igual entende que se se mandan para as autonomías ao mellor son xestionados de xeito pois mais ou menos discutible.

Procédese a continuación á votación da moción.

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
4 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Producido un empate, de acordo co artigo 100 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, efectúase unha nova votación, cuxo resultado é o seguinte:

Votacións:
Votos a favor: 4
1 BNG
0 PP

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
4 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Persistindo o empate e ao abeiro do indicado no citado artigo 100 do Real Decreto 2568/1986, decide o voto de calidade do Presidente, de xeito que a moción resulta aprobada.

8. MOCIÓNS DE URXENCIA.

Ningunha

D) CONTROL DO GOBERNO

9. ROGOS E PREGUNTAS

9.1 ROGOS

O alcalde, Francisco Xabier Castro: constata que non hai rogos escritos, e pregunta aos portavoces dos distintos grupos políticos se teñen algún rogo oral.

Valentín Alfonsín, voceiro do PP: Si. Quixera pedirlle ao Sr. alcalde que se comente iso das enerxías baseadas en produtos fósiles e non fósiles. A enerxía nuclear non é unha enerxía baseada en produtos fósiles, e recentemente a Unión Europea recoñeceu a enerxía nuclear como unha enerxía verde, de feito Francia vén impulsando unha política de novas centrais nucleares, simplemente iso.

Ramón Abuín Gómez, voceiro do PSdeG-PSOE: Ningún

Xoán Xosé Vicente, voceiro de Unidade Veciñal de Dodro: Ningún

Xoán Bautista Mariño, voceiro do BNG: Ningún

9.2 PREGUNTAS

Preguntas sen contestar no pleno do mes de febreiro:

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1º Unha formulada pola **Sra. Boga** que dicía: Recentemente crearon unha bolsa de emprego para auxiliares de axuda a domicilio que o Concelleiro de Igualdade e Benestar fai publicidade da bolsa de emprego, e si poder ser que me conteste que non sexa como na anterior que me faga algo en caso de que algunhas de estas persoas estea na bolsa de emprego pregunto si utilizaría esta para cubrir as vacacións e baixas laborais das auxiliares de axuda a domicilio do concello, o polo contrario se suspenderan os servizos como se fixo en decembro e xaneiro.

Quere contestar o concelleiro de Servizos Sociais?

Xoán Bautista Mariño: Como sempre, contestamos, e dígolle que ningunha das persoas que se quixeron apuntar na bolsa de emprego reunían os requisitos da convocatoria, polo que se volve a lanzar outra vez a bolsa de emprego.

E a segunda parte a pregunta, se utilizarían para cubrir vacacións e baixas para dar servizo á cidadanía no marco actual da lexislación laboral.

2º No asfaltado que se rematou e que se fixo recentemente dende Tarrío ata Sar, quedou na aldea de Sar uns metros cadrados sen asfaltar, quedou sen o mesmo asfalto que se fixera da outra obra anterior, quedou alí o asfaltado un pouco roto, quixéramos saber se se debe algunha circunstancia ou si se vai reparar ou se vai asfaltar ou se vai deixar a obra así.

Ramón Abuín: Trátase de actuacións recentemente feitas ao abeiro das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, onde, na Resolución para a concesión de axudas, no artigo 4 Actuacións subvencionables -que vostede tan listo como é debería coñecer- no apartado 1, indica que son subvencionables as actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais nos seguintes termos, entre outros: 2. Para efectos deste Plan, enténdese por camiño municipal de acceso a parcelas agrícolas aquel camiño que cumpra as seguintes condicións: Que sexa de titularidade municipal (loxicamente), que facilite o acceso, en calquera punto do seu trazado, cando mesmo, a dúas parcelas agrícolas (queda claro que nese treito non se cumpre esta condición).

Así e todo, no proxecto “Mellora do firme do viario de Sar a DP3302 e outros”, incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos concellos) correspondente ao POS+ 2019, que vostedes -os do PP- solicitaron da Deputación Provincial, ben podería ser, e tería cabida, esa actuación pola que vostede pregunta.

Polo demais, considerarase se é conveniente realizar nese punto algunha actuación máis ca reposición do asfaltado -que xa se fixo- e que segundo vostede estaba “un pouco roto”. Trátase dunha intersección de estradas e camiños que, posiblemente, necesitará doutro tipo de intervención para seguridade da veciñanza.

Preguntas escritas

O alcalde fai constar que as únicas preguntas escritas que hai tiveron entrada

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

fora do prazo polo que ofrece que se formulen de maneira oral.

Preguntas orais

Grupo Municipal do PP.

1. A vista da factura de Viaqua, aprobada por vostede en resolución de 29/12/2021 e con cargo á partida 2021.161.60900, quixéramos que nos explicase por que motivo, e tendo en conta que se refire a traballos realizados e rematados en 2020, non se seguiu o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito para a aprobación desa factura e cal é normativa e artigos que se aplicaron para a súa aprobación.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Como non me sei todas as facturas, nin de Viaqua, nin as dos outros, permítame que lle conteste no próximo pleno.

Valentín Alfonsín : No, as facturas de Viaqua soamente hubo unha que foi para facer unha rede de abastecemento para a casa da...dunha funcionaria deste Concello.

O alcalde: Iso é unha pregunta?

Valentín Alfonsín: No iso é unha factua

O alcalde: Ten vostede as preguntas ás que ten dereito

Valentín Alfonsín: Ben, seguinte pregunta.

2. Recentemente foi asinado un convenio co Concello de Xermade de tal xeito que unha persoa funcionaria de este Concello, que non ten ocupada parte da súa xornada laboral poda entrar a traballar no Concello de Dodro sen necesidade de superar ningún tipo de proba nin concurso polo tempo que non traballa .

Poderíanos explicar vostede que normativa e que artigos son os que se aplicaron para establecer o salario desa persoa polo tempo que traballa e Dodro?.

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Contestareille con máis exactitude no vindeiro pleno.

Valentín Alfonsín: Terceira pregunta

3. Na Xunta de Goberno Local do 22-2-22 inclúe por urxencia a xustificación ao Programa de Financiación dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2021 da Deputación da Coruña.

A Deputación concedeu ao Concello de Dodro para o ano 2021 un total de 5.040 horas de SAF para persoal auxiliar de libre concorrencia.

Unha vez revisada a xustificación vemos con asombro que tan só se gastaron 4.300 horas das 5.040 horas subvencionadas pola Deputación.

Deixaron de gastar 740 horas e a veciñanza esperando máis de tres meses para

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

que lle dean o servizo.

Visto este descalabro de xestión no departamento de servizos sociais preguntamos:

Cal é o motivo polo que deixaron de gastar 740 horas para cubrir o servizo, perdendo cartos da subvención da Deputación e tendo á veciñanza desatendida con meses de espera para que se lles dean o servizo?

Cal é o motivo polo que non contrataron servizos adicionais externos para cubrir o servizo, máxime cando tiñan lista de agarda? A qué se debe esta mala xestión.

A alcalde, Francisco Xabier Castro: Contestareille con máis datos no próximo pleno.

Valentín Alfonsín: Unha última pregunta oral, dirixida ao Concelleiro de Servizos Sociais.

4. Dende fai varios meses ven vostede prometendo que a Educadora Familiar vaise incorporar nos vindeiros días, eses vindeiros días xa deixaron de ser vindeiros para converterse en non sabendo cando. Rematou en marzo e vamos en camiño de mediados de abril e seguimos como fai seis meses, foi vostede incapaz de xestionar a baixa da educadora familiar a pesar de contar con varios meses para facela.

A contratación dunha persoa para cubrir a baixa segue paralizada, foi vostede absolutamente incapaz de contratar en seis meses a unha psicóloga despois de ter a financiación para iso. É imcapaz de xestionar os servizos de asistencia no fogar, agora retíranlle a vostede a competencia para organizar os obradoiros de investimentos activo e mais o de memoria. E dende fai varios meses non lle permite respostar as preguntas da oposición, porque non sabe que dicir.

Tendo en conta dende que asumiu vostede a responsabilidade de xestionar o departamento de Servizos Sociais só foi capaz de destruír o que había e absolutamente incapaz de facer algo que fora útil aos veciños de Dodro, Sr. Mariño cando ten pensado presentar a súa dimisión e permitir que os traballadores de Servizos Sociais poidan traballar sen que a súa intromisión llo impida.

O alcalde: Moitas grazas pola pregunta, pero o sr. Mariño vai a contestar no próximo pleno.

O Sr. Mariño, concelleiro de Servizos Sociais: Largo e tendido.

Ás 21:08 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dodro, documento asinado dixitalmente

A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: VVjVkqsA5LWw0kI/3dYE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.